

# Nota de Prensa



**D. JULIO DÍAZ ESCOLANTE** , CON D.N.I. núm. **33858617h**, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Roque 94- 98, C .P 27002 LUGO, actuando na súa calidade de Presidente Autonómico e Representante Legal de ANPE- Sindicato Independente,

**EXPÓN:**

- Dado que xa no inicio deste curso estanse a esgotar moitas listas de substitucións, e outras dispoñen dun número reducido de substitutos con posibilidade de ser chamados para a cobertura de substitucións.
- Tendo en conta tamén que esta situación vese agravada en moitas especialidades de Conservatorios, FP, Escolas Oficiais de Idiomas e demais tipos de ensino de réxime especial.
- E como queira que desde que se produce a apertura dunha lista ata que esta ten operatividade total, debido aos prazos, transcorre un tempo que soe superar os dous meses nos cales os alumnos non dispoñen da persoa adecuada que imparta docencia.

É polo que **SOLICITA:**

- Unha **revisión e actualización total** de todas as listas de substitucións co fin de abrir, á maior brevidade posible, as que están preto de esgotarse, ou estean xa, e dispor así de profesorado suficiente para a cobertura de baixas o cal redundará nunha mellor atención ao noso alumnado e nunha maior calidade do ensino.

*Santiago de Compostela, 02 de outubro de 2018.*

*Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE.*

**PRESIDENTE ANPE GALICIA.**

**EXCMO. SR DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN  
PROFESIONAL.**

***San Caetano, Santiago de Compostela, s/n 15704 Santiago de Compostela.***